

**ACTA**

**Expediente núm.:**

PLN/2020/3

**Órgano Colexiado:**

O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Sorteo de mesas para as eleccións ao Parlamento de Galicia do 05.04.2020»
<b>Data</b>	10 de marzo de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 12:31 ata as 13:56 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	María Dolores Castiñeira Alén
<b>Secretaria</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Sr. Núñez Troncoso: Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ



Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

**Escusas de asistencia presentadas:**

1. Ana Cristina Pérez Cabaleiro:  
«Motivos laborais»

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Sorteo de membros de mesas electorais. Eleccións ao Parlamento de Galicia de 05.04.2020**

**Sr. Rodríguez Davila:** Quero en nome deste grupo manifestar o desacordo respecto do horario deste pleno, pois unha vez máis non se aceptou a proposta que fixemos para celebrar dous plenos, un a esta hora por cuestión das mesas electorais, para que os funcionarios do Concello puideran asistir e non ter que vir pola tarde, renunciando nós a cobrar este pleno da mañá e facer no mesmo día de hoxe pola tarde o pleno extraordinario para tratar os asuntos da orde do día que imos a debater. Esta proposta non foi aceptada, propuxemos outro día alternativo e tampouco o aceptaron, polo tanto estamos nun pleno extraordinario ás 12:30 de mañá onde aquilo que o Goberno di da participación veciñal non pode ser Sra. Alcaldesa, porque os veciños non poden asistir ao pleno é unha compañeira, Noelia, non ía poder estar hoxe aquí por cuestións laborais que llo impiden, por sorte está porque lle acaban de trasladar unha cita médica. Antes de vez en cando chegabamos a acordos no día e na hora do pleno, cuestión que nos oito meses non son vostedes quen de aceptar ningunha proposta deste grupo.

**Sra. Alcaldesa:** Aclarar dúas cousas, como xa fostes informados en Comisión Informativa, as mesas electorais é necesario realízalas hoxe, non se ían a convocar dous plenos cando sabemos que temos a necesidade de que estean presentes traballadores e traballadoras deste Concello; falamos tamén da axenda da Alcaldía e do resto das concellerías que hai que respectar en todo momento e ademais moitas delas son reunións coas veciñanzas que evidentemente, tampouco estaba en disposición de cambiar porque foran concertadas con moita antelación e un último

motivo, o Plan Marco que finaliza hoxe o prazo. O ideal era ter este plenos ás nove da mañá, creemos e consideramos que por conciliación e porque algunha outra vez o tiñamos falado, para vos sería moito mellor a asistencia a este pleno sempre que fose ás 12:30 e a Secretaria puidera realizar esas certificacións necesarias para remitir hoxe a subvención do Plan Marco e non perdela, esta Alcaldesa considerou que este era o mellor dos horarios.

A Sra. Alcaldesa informa que se vai iniciar o sorteo das mesas electorais no ordenador da funcionaria responsable do padrón e rexistro municipal, polo que baixan ao rexistro un representante da cada un dos Grupos Municipais acompañados da Sra. Secretaria.

Una vez realizado o sorteo regresan os representantes de cada Grupo Municipal, para continuar coa sesión.

**Sra. Alcaldesa:** Realizado o sorteo, recordar a todos os presentes o cambio de ubicación da mesa do centro, nos últimos anos se viña facendo na Devesa e por cuestión de espazo trasládase do Centro Social da Devesa para o Colexio de Altamira.

### **Expediente 596/2020. Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2020**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sr. Rodríguez Davila:** Queriamos facer unha proposta que se teña a ben considerar este punto excepcional e extraordinario debido á cantidade a que estamos a falar tanto do montante económico coma da cantidade de facturas o que se refire o REC, polo tanto solicitamos ao Goberno que acepte que as quendas nos de intervención pasen de cinco a dez minutos e de tres a cinco minutos tal como contempla o ROM para casos excepcionais.

**Sra. Alcaldesa:** Reitero o que dixen na anterior ocasión, os regulamentos están para respectarse e para que haxa unas normas de xogo dentro dun marco, o REC non é unha excepción, é unha figura legal e polo tanto o tempo vai ser o establecido para os outros puntos cinco minutos.

**Sr. Rodríguez Davila:** Sinto discrepar con vostede pero creo que o REC non é o pan noso de cada día, é algo excepcional e creo que non está demais que teñamos a posibilidade de debater serenamente, por enriba da mesa a proposta de cada grupo e que quede ven claro diante dos veciños o motivo de porque se vota ou se deixa de votar si, non ou a abstención. Creo Sra. Alcaldesa que si vostedes non aceptan esta



proposta de ter máis tempo para debater, teremos que considerar que vostedes non teñen argumentos suficientes para defender a nefasta xestión económica deste Concello, cada ano que pasa os REC incrementan exponencialmente, considero que si é excepcional e polo tanto, reitero a proposta de que acepten o tempo de debate, que pase de cinco a dez minutos e de tres a cinco minutos.

**Sra. Alcaldesa:** Unha primeira quenda de cinco minutos, unha segunda de tres minutos e outra de tres por alusións que seguramente se dará, considero que son máis que suficientes para debater un punto como é o REC e que vostedes deberían ter experiencia fiscalizadora para realizalo en oito minutos.

**Sra. Pereira González:** Traemos a este pleno un recoñecemento extraxudicial de créditos por un importe de 858.457,85 €, como xa debatemos neste salón de plenos hai unhas semanas, o recoñecemento extraxudicial de créditos é unha figura, un procedemento legal regulado, que nos permite imputar a un exercicio facturas dun exercicio anterior, xa sexa porque esas facturas se quedaron sen crédito na súa partida orzamentaria no seu exercicio, como é o caso da maior parte das facturas que nos ocupan, ou porque foron presentadas nun exercicio posterior, como temos tamén algún caso de facturas rexistradas en xaneiro ou en febreiro de 2020 pero que veñen con data de 2019; neste caso esas facturas tiveran ou non tiveran créditos están abocadas a ser aprobadas sempre por este procedemento. O órgano competente para aprobar esta imputación de facturas dun exercicio con cargo ao exercicio seguinte, e poder pagarlle así aos provedores polos traballos que realizaron ou polos subministros prestados sen ter que acudir á vía xudicial, é o pleno.

O expediente é moi sinxelo consta do listado de facturas, que como nos últimos anos dende que temos o programa Gestiona as facturas se colgan en listado en vez ter as facturas unha a unha, en todo caso ao PP se lles facilitou sempre o acceso ao programa de contabilidade para ver con detalle algunha, neste caso non foi necesario, non fixeron uso dese ordenador; temos o informe de intervención que verifica que no orzamento de 2020 nas partidas nas que se pretende imputar este gasto existe crédito, que é un requisito fundamental, e temos por último a proposta de Alcaldía.

Como sempre vimos dicindo, a importancia de aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito está en poder pagarlle aos provedores polos seus traballos, máis alá de que a contía poida ser elevada ou non, o que se somete a votación non é a xestión económica do goberno, o que se somete a votación é si contamos coa aprobación plenaria para facer o pago si ou non. Si se aproba os provedores poderán cobrar nuns días, se non se aproba, como ocorreu noutras ocasións, terán que acudir a vía xudicial para cobrar o que lles corresponde. Ademais da importancia de pagarlle aos provedores, neste listado temos facturas por máis de 130.000€ da empresa SOCISER, empresa que presta o servizo de axuda no fogar e que como ben saben este mes o día 30 remata o prazo para xustificar a subvención e para xustificala



subvención correctamente e non perdela hai que ter esas facturas pagadas. Ademais desas facturas entre o listado que comprenden unhas mil facturas aproximadamente, atopamos unha boa parte de facturas de enerxía eléctrica, gastos de telefonía, de carburantes, servizos imprescindibles para o funcionamento do día a día do Concello, así como subministros e traballos realizados nos últimos meses do ano.

**Sr. Núñez Troncoso:** Estamos ante un segundo recoñecemento extraxudicial de crédito que sumado ao primeiro que viu a este pleno fai mes e medio, aproximadamente conforman un total de 2.000 facturas ou, para ser máis exactos, 1.996 facturas cun montante total de 1.641.000 euros de exceso de gasto do orzamento de 2019 sen consignación orzamentaria. Isto implica que o gasto corrente xa temos que dispor del dende o primeiro de xaneiro, un 55,39% que a 1 de xaneiro xa o temos comprometido con este recoñecemento extraxudicial de crédito, que é o mesmo que dicir que a partir do 1 de maio deste ano non vai a haber partidas para gasto corrente deste Concello, dentro de dous meses. Hai facturas sen pagar non só dende setembro como se nos di, senón algunha incluso dende o 2018, con entrada no rexistro do Concello de novembro de 2018 por un montante de 14.000€, que xa é unha cantidade significativa. Facturas de maio en diante tamén hai algunhas, non só de setembro, polo tanto estamos nunha responsabilidade clara e manifesta deste Goberno municipal, será que é outro seixo de gobernar. Se imos ao informe de intervención elaborado por unha funcionaria de habilitación nacional di: *“A maior parte de facturas e gastos que son obxecto de este recoñecemento extraxudicial que nos ocupa carece de todo tipo de tramitación administrativa e contable e respecto dos cales non consta a xustificación da súa necesidade, fiscalización e autorización previa do pago, tendo en conta a data actual parece difícil que os créditos restantes resulten insuficientes para afrontar os gastos que presumiblemente se van a adebedar no presente exercicio”* máis claro auga.

Temos facturas pendentes de todas as áreas de gastos do orzamento, de todas, iso si, en saneamento non temos ningunha factura pendente, ni una e saben porque? Porque non se fixo nin un metro de saneamento, nin un metro, non se inverteu nin un céntimo en saneamento, iso que debería ser a prioridade número un deste Concello ,pois aquí é todo o contrario, aquí a prioridade é gastos propagandísticos etc... Así temos facturas pendentes como pode ser o seguro do Patrol de protección civil desde outubro sen pagar, seguro de accidentes de protección civil dende outubro sen pagar, alumeadado público consumos dende agosto sen pagar, seguro do furgón dende setembro sen pagar, consumo da electricidade do Centro Social da Devesa dende agosto sen pagar, consumo da electricidade das unitarias do CRA dende agosto sen pagar, consumo de electricidade en instalacións deportivas dende desde agosto sen pagar, limpeza do pavillón de Altamira dende setembro sen pagar, limpeza da Casa Cultura dende setembro sen pagar, seguro do tractor dende novembro sen pagar, por deber, ata se deben unhas flores que foron para a alcaldía.

O servizo de axuda ao fogar di moito da elaboración do orzamento do 2019 que se



aprobou en novembro, se excederon do gasto, se excederon na previsión en 271.000 euros e iso que dicían que se incrementara a axuda no fogar. Nós xa advertimos daquela que facían falta máis de 200.000 euros é aí están, capítulo 1 de inversión temos por recoñecer 81.900 euros, o 68% destes 81.000 euros, que son 56.000 euros de facturas dende maio, ou sexa que xa puideron ir no primeiro recoñecemento que tivemos fai un mes e medio aquí. Hai unha factura como dixen antes dende novembro de 2018 de 14.000 euros, esa tivo catro ocasións de poder pagarse, o primeiro recoñecemento de 2019, o primeiro de 2020 e contemplalo nos orzamentos de 2019, iso é o que lle preocupa a vostedes os provedores que cobren.

**Sra. Tourón Domínguez:** Entendo que é unha cantidade moi importante, é unha cantidade moi grande, estamos de acordo en que hai que intentar reducir estes importes de recoñecementos extraxudicial de créditos, dixen no pleno anterior e o volvo a repetir neste, estamos traballando cara iso, as cousas non cambian da noite para a mañá nin podemos solucionar moitas cousas coa rapidez que quixeramos, pero dende logo estamos a traballar e espero, como xa dixen no pleno anterior, que o PP deixe de poñer paus nas rodas e intente sumar e non estar dicindo sempre que non a todo.

En canto ao do saneamento, ou que non había facturas de saneamento, a min gustaríame tamén facerlle unha petición ao PP é, xa que o di Joaquín, que lle pida á Xunta de Galicia que execute o que ten que executar en Soutelo, xa non digo outra cousa, digo porque así xogamos todos no mesmo taboleiro e na mesma igualdade de condicións. Voume sumar á exposición que fixo a compañeira de Facenda.

**Sra. Pereira González:** O que se vota neste punto non é a xestión económica do Goberno o que se vota é se imos pagarlle aos provedores si ou non. Si o PP pensa que votando en contra está castigando ao goberno, nós non somos os prexudicados do seu voto en contra, o seu voto en contra vai repercutir nos provedores e é ven sinxelo, os traballos foron realizados, as facturas están conformadas, o informe de intervención di que hai crédito para pagarlle, a día de hoxe dispoñemos de crédito, non hai máis fundamento para votar que non, non é un castigo ao goberno votar que non ao pago do REC.

**Sr. Núñez Troncoso:** Publicidade, propaganda e gastos protocolarios máis de 100.000 euros se gastaron no ano 2019, aquí están incluídos os vídeos propagandísticos, máis de 18.000 euros ao ano é o que nos valen os vídeos propagandísticos, espero que a Sra. Verónica nos diga a dúbida que tiña fai un ano cando dicía *“en canto aos vídeos gustaríame saber como se adxudicaron, os 18.000€ anuais que se lle paga a esta empresa polos vídeos como o xestionaron, que un vídeo do Concello custe de 1.512 € ao mes, por que é increíble, é unha auténtica barbaridade”*, espero que nos dea resposta a isto. Onde están os orzamentos que vostede dicía Sra. Verónica que ía traer a esta mesa antes do REC, en plenos anteriores, por qué non traen antes os orzamentos e despois traen o REC? Qué dicías respecto do REC de 2016 de máis de



600.000 euros? Que era unha barbaridade e agora vai votar a favor, o que antes era branco agora resulta que é todo o contrario, ou o do REC de 2018 de 308.000 euros votaba en contra. Recordo que agora estamos en 1.600.000 eirps e vai votar a favor, esa é a súa coherencia, a de vostede e dos seus compañeiros. Lembro no2019 cando pedía a retirada do punto da orde do día para que só se levaran as facturas do servizo de axuda ao fogar, vai facer agora o mesmo? Vai pedir a retirada do punto e que só se leven esas facturas?

Dicía vostede que poñemos paus nas rodas, nós non poñemos paus nas rodas, nós mantemos a coherencia que mantivemos fai anos para acá. Cando hai un exceso razoable de 100, 200 mil euros sempre nos abstivemos e así está nas actas, e vostede antes votaba unha cousa e agora vota todo o contrario, cando o importe que se recoñece é bastante superior. Dixo tamén que pidamos nos a Xunta para que invista no saneamento en Soutelo, todos estamos de acordo e eu o primeiro como veciño, pero vostede acaba de votar fai vinte días unha moción para apoiar á Xunta, para que o Goberno Central lle dera a Xunta os 200 millóns de euros que lle debe, máis 170 polo cumprimento da regra de gasto e vostede votou en contra. Como quere vostede que a Xunta invista en Salceda se está votando en contra? Explíquemo vostede, imaxine que dos fondos que veñen do Estado para este Concello decida o Goberno Autónomo suspendelos, qué faría vostede? Con que se mantén o Concello? Pois aquí a situación é a mesma, pero aquí estamos mirando máis intereses de partido que intereses de veciños, iso é o que se ve.

É lamentable que vostedes non apoiem unha administración para que non dean os cartos do IVE que nos corresponde e que xa están cobrados. Vostede saberá, que ata comulga con rodas de muíño, e todo porque lle deu a Alcaldía, pero a Alcaldía non a van a coller, llo digo eu e isto non sae deste grupo, sae dos seus compañeiros de coalición, compañeiros de goberno, este comentario non sae de nós, sae deles.

**Sra. Tourón Domínguez:** En relación ao último que acaba de dicir sobre os meus compañeiros de coalición, non podo certificar iso, o que si podo certificar é que do Grupo do PP si saíu moitas veces e moitas delas están rexistradas neste mesmo pleno, co cal sae de onde sae e de feito, o está repetindo continuamente vostede como membro do Grupo PP. Con respecto a iso non teño nada máis que dicir, xa lle teño dito en máis dunha ocasión que cando queira un mitin político que o diga, estamos en eleccións, isto é un órgano institucional. En canto ao demais, que si dicimos unha cousa e facemos outra eu vólvolle a dicir o que lle dixen no REC anterior, que faría o Grupo do PP si estivese gobernando? Non ía a cumprir coas súas responsabilidades de goberno de traer o REC aquí? Ía traer o REC e votar en contra? Non lle ía pagar aos provedores? En definitiva, se ía coller un goberno e non cumprir coas responsabilidades que ese goberno asume unha vez que colle o goberno, esa é miña pregunta se quere contestarme, ou se non déame a mesma resposta, que non me vai poder responder porque non lle cedín o goberno.



**Sra. Alcaldesa:** So aclarar que os gastos protocolarios conleva pagar o patrocinio aos deportistas, como a Luis, como a Ainhoa, como moitos outros, conleva pagar patrocinio a xente do mundo do motor, cousa que vostedes reclaman insistentemente e que por suposto este goberno vai apoiar e defender en todo momento. Como demagogia, falan de gastos protocolarios de flores para Alcaldía, quedan moi ben para eses vídeos que gravan e colgan vostedes nas redes, que por certo, sería interesante, transparente e democrático se foxen na súa totalidade cando son so de parte, en fin, alá cada quen. Paso a dar lectura da proposta de acordo seguinte:

*“Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e subministrados de bens e servizos por parte dos terceiros, e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformados polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.*

*Considerando que o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece: “Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria...”*

*Visto o informe da Interventora municipal núm. ETV/020/20 coa correspondente nota de reparo.*

*Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Legislativo. 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando é por insuficiencia ou inadecuación de crédito.*

*En atención ao exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

*Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2020 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no Anexo adxunto, ascendendo a un total de 858.457,85 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2020; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.”*

**VOTACION: VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e CINCO votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular; adoptándose o seguinte acordo:



Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 2/2020 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no Anexo adxunto, ascendendo a un total de 858.457,85 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2020; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.

**Expediente 435/2020. Aprobación de proxecto “Mellora do camiño de Portela - Maceira, Parderrubias”**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

**Sr. González González:** Estes temas que traemos a continuación creo que non van a ter tanta polémica coma cos anteriores, sabemos que as obras gústanlle a todoo mundo incluído ao PP, co que tedes problemas é cos pagos.

O Camiño de Portela a Maceira é na parroquia de Parderrubias, esta estrada é a que deriva da estrada principal que une Lavanderia a Fontán, pasando a antiga tenda do “Garabullo” a man dereita, vai dende ese entroncamento ata a poza de Fontán ese é o ámbito de actuación desa obra, en total son 340 m de largo, vai ser un ensanche cun retranqueo de pastas, viñas, hai que construír uns muros de contención de mampostería nalgúns dos tramos, nun par de curvas e aproximadamente vaise asfaltar a todo o ancho da estrada sobre 6 metros aproximadamente de ancho, hai un ramal que sube pola casa do albanel Barros ata a casa de Santos, dentro desta mesma execución e remata como dixeron no ámbito do largo da poza de Fontán, antes do paso por debaixo da estrada de Porriño-Salvaterra, PO-510. Isto é simplemente un ancheamento e un asfaltado a todo o ancho do ámbito, non imos a deixar marxe de terra para eliminar malezas e imos a asaltar completo.

**Sr. González Souto:** Só por puntualizar, Miguel, nós non estamos en contra dos pagos nos estamos a favor dos pagos en tempo é forma, o único que cuestionamos é que a xestión de gastar un 33% máis do orzamento anual do Concello é unha xestión non coherente, non é que non esteamos a favor de pagar, estamos dando toques de atención reiterados de que esa non é forma de xestionar o Concello.

Con respecto á obra que nos trata de Portela a Maceira, é unha estrada moi estreita que utilizan moitos veciños de Parderrubias para acceder a estrada dirección Porriño-Salvaterra e así como para ir para San Xurxo. É unha boa obra, unha obra invertida no rural, este tipo de obras son prioridades para os veciños porque son prioridades básicas de desprazamento. Comentar, para que sirva tamén para o resto de obras, si nas melloras nalgunhas zonas, previo ao asfaltado evidentemente, existise a posibilidade de facer unha preinstalación de saneamento en tramos que sexan de fácil



execución, como opción de melloras dos proxectos que aquí se contemplan, a nosa posición vai ser a favor.

**Sra. Tourón Domínguez:** Estamos de acordo que son prioridades estes proxectos que se traen aquí hoxe, e todo o que sexan melloras que poidamos recoller as imos aceptar, veñan do grupo PP ou veñan doutro, o voto do PSOE vai ser a favor tamén.

**Sra. Alcaldesa:** Recollemos o que trasladadas e así o falaremos ou trataremos de falalo coas empresas, sempre que sexa posible e nos treitos que sexa posible. Leo a proposta de acordo seguinte:

*“Visto o proxecto de obras denominado “Mellora do camiño de Portela - Maceira, Parderrubias”, redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos Javier Carballo Núñez, asinado en data 29.01.2020, cun orzamento base de licitación de 35.059,08€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 6.084,63€, e o presuposto sen IVE a 35.059,08€ e sendo os honorarios por redacción do proxecto de 883,84€ IVE do 21% incluído.*

*Visto o informe técnico núm. 2020-0042 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2020-007 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

#### ACORDO

*PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras “Mellora do camiño de Portela - Maceira, Parderrubias”, redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos Javier Carballo Núñez, asinado en data 29.01.2020, cun orzamento base de licitación de 35.059,08€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 6.084,63€, e o presuposto sen IVE a 28.974,45€ e sendo os honorarios por redacción do proxecto de 883,84€ IVE do 21% incluído.*



*SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”*

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos doce membros presentes nesta sesión; adoptándose o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras “Mellora do camiño de Portela - Maceira, Parderrubias”, redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos Javier Carballo Núñez, asinado en data 29.01.2020, cun orzamento base de licitación de 35.059,08€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 6.084,63€, e o presuposto sen IVE a 28.974,45€ e sendo os honorarios por redacción do proxecto de 883,84€ IVE do 21% incluído.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

**Expediente 437/2020. Aprobación de proxecto “Pavimentación no lugar de O Agro, Parderrubias”.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

**Sr. González González:** Esta obra tamén discorre na parroquia de Parderrubias, unha actuación case completa no barrio de Agro, atravesando a PO-411 partindo de norte a sur, empezando no camiño da Carballoa a Igrexa, cruzamos todo o barrio ata a PO-411 atravesamos para a parte de abaixo ao outro lado do barrio ata a última vivenda. que hai un encharcamento alí histórico de augas. Quédanos pendente o tramo dende esta última vivenda ata ao aserradeiro de Manolo “o cafulo”, como sabemos que o tráfico nesta zona evacúase sempre cara a estrada principal, pois tampouco consideramos demasiado importante executar aquel anaquiño, que está en boas condicións, se ben é bastante estreito, pero está en bastantes boas condicións e para o tráfico que soporta de alí para abaixo pensamos que de momento non era necesario executar alí. Isto tamén se trata dunha limpeza e aplomado de marxes en todo o recorrido, non se vai a anchar, vaise a executar o que existe, asfaltando todo ao ancho de lado a lado, sen deixar marxes de terra nin herbas nin nada. A obra ten especial complexidade polos regadíos que existen alí, hai bastantes regadíos que cruzan e ten as arquetas de regadíos incluso polo medio da estrada nalgúns tramos, recalzaranse todas as tapas de rexistro de saneamento e regadíos, e asfaltarase todo completo ao ancho de toda a estrada.



**Sr. González González:** Aquí fai oito anos fíxose un pequeno esanche na parte da arriba, os veciños fixeron os muros e quedan tiras en terra que arrastran material á estrada, é unha boa obra porque urbanizaríamos e deixariamos en condicións esa zona, recordar que solicitáramos mediante rogos a mellora do seguinte ramal, este é un pouco máis arriba pero que a parte final tamén está en bastante mal estado.

**Sra. Tourón Domínguez:** Non teño nada de engadir, o noso voto vai ser a favor.

**Sra. Alcaldesa:** Dou lectura a proposta de Alcaldía seguinte:

*Visto o proxecto de obras denominado “Pavimentación no lugar de O Agro, Parderrubias”, redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos Javier Carballo Núñez, asinado en data 29.01.2020, cun orzamento base de licitación de 35.546,30€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 6.169,19€, e o presuposto sen IVE a 29.377,11€ e sendo os honorarios por redacción do proxecto de 896,13€ IVE do 21% incluído.*

*Visto o informe técnico núm. 2020-0041 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2020-006 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

#### ACORDO

*PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Pavimentación no lugar de O Agro, Parderrubias”, redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos Javier Carballo Núñez, asinado en data 29.01.2020, cun orzamento base de licitación de 35.546,30€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 6.169,19€, e o presuposto sen IVE a 29.377,11€ e sendo os honorarios por redacción do proxecto de 896,13€ IVE do 21% incluído.*



*SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP."*

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos doce membros presentes nesta sesión; adoptándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado "Pavimentación no lugar de O Agro, Parderrubias", redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos Javier Carballo Núñez, asinado en data 29.01.2020, cun orzamento base de licitación de 35.546,30€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 6.169,19€, e o presuposto sen IVE a 29.377,11€ e sendo os honorarios por redacción do proxecto de 896,13€ IVE do 21% incluído.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

**Expediente 552/2020. Aprobación de proxecto "Asfaltado dos camiños da Pedra, dos Amieiros, da Besada e na traseira do pavillón de Pedras Rubias."**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

**Sr. González González:** Ata agora estabamos levando un proxecto para cada obra, pero agora imos levar dous proxectos que engloban catro obras cada un, catro obras que son obras moi pequenas e pola contía non se podía facer un proxectos individuais. Aquí asfaltamos por proximidade xeográfica, asfaltamos de catro en catro.

Este primeiro proxecto que imos a someter a aprobación agora é o asfaltado do camiño da Pedra, na estrada do Torrón, a que vai dende a rotonda da Gándara ao CDL do Torrón, un camiño que sube a man esquerda pasando a nave de yenca, que está nun estado moi malo, é un tramo moi pequeniño que so vai ata o cruce superior, o temos bacheado moitas veces e agora imos a asfaltalo completo. O seguinte é na parroquia de Picoña, onde hai dúas actuacións, o camiño dos Amieiros ou camiño do Pintón, que é unha baixada dende o barrio de Coto cara ao río Caselas, son catro casas implicadas, é un camiño bastante estreito pero non imos a anchar porque hai casas a un lado e casas doutro e muros e só é para o servizo desas casas, o que se vai facer é un asfaltado completo de muro a muro respectando a canalización de auga de regadío. A terceira actuación tamén en Picoña, é o camiño das Besadas, tamén cerca do río Caselas, na parte baixa onde cruza a ponte do río Caselas, é o camiño que vai xusto en fronte a casa do Peto de Ánimas, que vai dar a dúas vivendas e ten saída á estrada principal de Picoña a Atúde – Maior, esta obra tamén é un asfaltado simple,



aproveitamos que ten un firme moi bo de zahorra e simplemente vai ser regularización e asfaltado. A cuarta das obras é o asfaltado da parte traseira do pavillón IES Pedras Rubias , unha demanda reiterada dos pais e nais que levan alí aos seus fillos, porque se enche sempre de auga o aparcamento, témolo repasado multitude de veces, imos a darlle un asfaltado e pintado de sinais para aparcamento. Estas son as catro obras que temos neste proxecto.

**Sr. González Souto:** Tanto o asfaltado de detrás do pavillón coma o camiño da Besada, xa presentamos rogos solicitando a mellora desas obras. Fago mención tamén que estes proxectos que se traen son maiormente firmados sempre polos mesmos técnicos, dou fe que hai máis técnicos que poden traballar para o Concello, si ben esta vez non temos ao arquitecto técnico municipal en ningún dos proxectos que se traen, si temos a empresa do arquitecto municipal, cando menos resulta curioso que a mesma persoa que pode informar os proxectos sexa a súa empresa estea facturando proxectos para o Concello, agora a través dunha terceira persoa pero que traballa na empresa do arquitecto municipal, antes era el o que firmaba os proxectos agora utilízase a outra persoa. Creo recordar que son sete proxectos que traemos e entre o enxeñeiro de camiños, Javier Carballo, e A3 son o total dos redactores dos proxectos, creo que hai máis xente que fai proxectos e non sei porque sempre se monopoliza desta forma este tipo de proxectos.

**Sra. Alcaldesa:** Hai uns criterios de selección, falamos de criterios de tempo, evidentemente teñen que ter disposición para ter os proxectos en tan curto espazo de tempo cando saen as ordes de subvencións, sabedes tamén que nesta etapa temos que traer os proxectos a este pleno, así nos comprometemos, como exercicio de transparencia estanse traendo e polo tanto os prazos se recortan, é tamén unha cuestión orzamentaria. Tamén che dixen naquel pleno e no seu momento llo trasladei ao voso grupo, si en algún momento algún enxeñeiro, asegúrovos que falamos con moitos técnicos, quere traballar co Concello, nós estamos dispostos a escoitar e atender ofertas de todos e si son de Salceda mellor que mellor. Hai que reunir certos condicionantes qué é a dispoñibilidade e a contía económica, en definitiva se establecen uns criterios. Son 7 proxectos e hai tres técnicos diferentes, xa naquel momento che din as explicacións oportunas, volvo a reiteralas, non teño ningún tipo de problema, o que dixen noutras ocasións, se algunha persoa quere traballar con este Concello que se lle dixera ben á Concelleira de Urbanismos ou a esta Alcaldesa ou a calquera dos nosos compañeiros.

**Sr. González Souto:** O que pretendo dicir é que son vostedes os recorren a quen recorren, son vostedes os que lles presentan a esta xente e resulta cando menos curioso que sexa o arquitecto municipal e a súa empresa a que factura reiteradamente os proxectos que eles mesmos poden informar. Hai un código deontolóxico que parece que se vulnera un pouco. Os proxectos que factura Rubén ao Concello curiosamente os informa Alfonso e cando é outro tipo de proxecto infórmao Rubén eses cruces son sospeitosos.



**Sra. Alcaldesa:** Non é algo ilegal, imos a deixalo en sospeitosos segundo o seu criterio, a miña explicación queda dada. Procedo a dar lectura a proposta seguinte:

*“Visto o proxecto de obras denominado “Asfaltado dos camiños da Pedra, dos Amieiros, da Besada e na traseira do pavillón de Pedras Rubias” redactado polo arquitecto técnico Ángel Soliño Rodríguez, asinado en data 30.01.2020, cun orzamento base de licitación de 33.075,60€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 5.740,39€ e o presuposto sen IVE a 27.341,21€.*

*Visto o informe técnico núm. 2020-0048 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2020-008 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

#### ACORDO

*PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Asfaltado dos camiños da Pedra, dos Amieiros, da Besada e na traseira do pavillón de Pedras Rubias” redactado polo arquitecto técnico Ángel Soliño Rodríguez, asinado en data 30.01.2020, cun orzamento base de licitación de 33.075,60€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 5.740,39€ e o presuposto sen IVE a 27.341,21€.*

*SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”*

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos doce membros presentes nesta sesión; adoptándose o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Asfaltado dos camiños da Pedra, dos Amieiros, da Besada e na traseira do pavillón de Pedras Rubias” redactado



polo arquitecto técnico Ángel Soliño Rodríguez, asinado en data 30.01.2020, cun orzamento base de licitación de 33.075,60€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 5.740,39€ e o presuposto sen IVE a 27.341,21€.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

**Expediente 553/2020. Aprobación de proxecto “Asfaltado dos camiños da Pedreira, Casal, Sobredo, igrexa de Soutelo e estrada do Pazo á Feira.”**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

**Sr. González González:** Neste proxecto vai o asfaltado do Torrón non no anterior, no proxecto anterior ía o camiño da Pedra, parte traseira do campo de fútbol do Caselas, desculpade a confusión. Polo tanto o asfaltado do camiño do Torrón xa quedou explicado anteriormente. Tamén son catro pequenas actuacións na parroquia de Entenza e na parroquia de Soutelo. A do camiño do Torrón xa volo expliquei antes. En Sobredo temos dous ramais, parte do mesmo tronco pero son dous ramais, o primeiro está no barrio de Sobredo de arriba, que parte cara ao Casal, un camiño histórico que está semi-abandonado. Nós a parte que imos a asfaltar a todo o ancho de peche a peche é a que vai ata a última vivenda, o resto do camiño que sae cara ao Casal non se utiliza practicamente, vaise asfaltar a todo o ancho aproximadamente son 90-100 metros. O do segundo ramal parte da mesma curva, vai a unha vivenda que está agora mesmo de zahorra e que tamén se lle vai votar un asfaltado por encima desa zahorra. A terceira actuación deste proxecto é na igrexa de Soutelo quedáranos alí unha esquina fronte ao muro do cemiterio na baixada que vai cara a liñares quedara unha esquina sen asfaltar, imos a asfaltar esas tiras ata rematar na obra que fixeramos no Plan Marco fai catro ano e remataba alí en Paredes. A última dese proxecto é a estrada do Pazo á Feira, o camiño da Arrotea en Entenza que parte do barrio da Feira cara ao Centro Cultural, atravesa o barrio da Arrotea polo centro, é unha obra que non admite ancheamentos porque ten muros e casas por ambas marxes da estrada, o que se vai é a darlle un asfaltado completo ata a curva, incluída a curva que hai antes de acceder ao Centro Cultural, ten un pequeno ramal a man dereita baixando que tamén consideramos necesario asfaltar.

**Sr. González Souto:** Estas obras tamén consideramos que eran unhas prioridades e estamos totalmente de acordo en investir diñeiro na súa execución.

**Sra. Alcaldesa:** Dou lectura da proposta de acordo seguinte:

*“Visto o proxecto de obras denominado “Asfaltado dos camiños da Pedreira, Casal,*





*Sobredo, igrexa de Soutelo e estrada do Pazo á Feira” redactado polo arquitecto técnico Ángel Soliño Rodríguez, asinado en data 26.02.2020, cun orzamento base de licitación de 32.846,90€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 5.700,70€ e o presuposto sen IVE a 27.146,20€.*

*Visto o informe técnico núm.2020-0047 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2020-0010 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

#### ACORDO

*PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Asfaltado dos camiños da Pedreira, Casal, Sobredo, igrexa de Soutelo e estrada do Pazo á Feira” redactado polo arquitecto técnico Ángel Soliño Rodríguez, asinado en data 26.02.2020, cun orzamento base de licitación de 32.846,90€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 5.700,70€ e o presuposto sen IVE a 27.146,20€.*

*SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”*

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos doce membros presentes nesta sesión; adoptándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Asfaltado dos camiños da Pedreira, Casal, Sobredo, igrexa de Soutelo e estrada do Pazo á Feira” redactado polo arquitecto técnico Ángel Soliño Rodríguez, asinado en data 26.02.2020, cun orzamento base de licitación de 32.846,90€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 5.700,70€ e o presuposto sen IVE a 27.146,20€.



**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

**Expediente 598/2020. Aprobación de proxecto de “Mellora da estrada da Farrapeira a Sete Camiños”**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

**Sr. González González:** Esta obra comezouse xa fai algún tempo por petición veciñal, polo autobús escolar que pasaba por alí, pasaba moi malamente por unha curvas moi pechadas e uns penedos no mesmo borde da curva, empezamos a quitar aquelas curvas e seguimos co ensanche ata o antigo galiñeiro, alí quedou aberta ata agora que a podemos meter neste Plan Concellos 2020. A actuación que imos levar agora é o asfaltado deste tramo, o desmonte que falta no terreo de monte comunal dende onde rematamos o anterior ancheamento ata onde rematan as curvas, aquel desmonte xa está autorizado pola asemblea de comuneiros de Parderrubias, o asfaltado vai ser aproximadamente de 5 ou 5,50 metros, e coa marxe que nos da o ancheamento imos a meter unha senda lateral ao asfalto de aproximadamente de 50 ou 60 metros e unha cuneta que en sitios é terra e noutros sitios vai de formigón de 60-70cm de ancho. É un proxecto que queremos que sirva de exemplo para outros posteriores no ancheado, no asfalto, na senda lateral e no tratamento das cunetas e das augas.

**Sr. González Souto:** Esta obra comezouse, como ti comentabas, xa fai un ano, sen proxecto e sen orzamento agora está paralizada pero entendo que ides a acometela en curto espazo de tempo. O proxecto véxoo ben, poderíase buscar un pouco máis de ancho para os vehículos, pero ao contemplar unha recollida de augas pluviais, o detalle da senda peonil sen lugar a dúbida da un servizo completo a esa zona. Entendo que é a primeira parte do proxecto e despois haberá outro a continuación. Simplemente dicir que parece un proxecto bastante máis elaborado que outros que se trouxeron aquí. A nosa posición vai ser a favor.

**Sra. Alcaldesa:** Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Visto o proxecto de obras denominado “Mellora da estrada da Farrapeira a Sete Camiños” redactado polo arquitecto técnico Ángel Soliño Rodríguez, asinado en data 28.02.2020, cun orzamento base de licitación de 35.186,92€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 6.106,82€ e o presuposto sen IVE a 29.080,10€.*

*Visto o informe técnico núm.2020-0056 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*



*Visto o informe de Secretaría núm. 2020-0011 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

#### ACORDO

*PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora da estrada da Farrapeira a Sete Camiños” redactado polo arquitecto técnico Ángel Soliño Rodríguez, asinado en data 28.02.2020, cun orzamento base de licitación de 35.186,92€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 6.106,82€ e o presuposto sen IVE a 29.080,10€.*

*SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”*

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos doce membros presentes nesta sesión; adoptándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora da estrada da Farrapeira a Sete Camiños” redactado polo arquitecto técnico Ángel Soliño Rodríguez, asinado en data 28.02.2020, cun orzamento base de licitación de 35.186,92€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 6.106,82€ e o presuposto sen IVE a 29.080,10€.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

**Expediente 632/2020. Aprobación de proxecto de “Mellora da aula de Budiño do CRA Raíña Aragonta”**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento



**Sra. González Souto:** Esta é a rehabilitación da parte que era vivenda da aula de Budiño, levamos a cabo o desmorte do tellado da outra porque había perigo, pero entendemos que primeiro imos a arranxar o que se está usando e despois chegará a outra. A mellora vai a afectarlle á parte que está de almacén na parte de atrás e tamén imos aproveitar para renovar os baños, vanse a reformar os dous baños e vaise a preparar esta parte que fora vivenda case como se fora un ximnasio, pavillón, porque necesidade de aula como tal non hai, entón pensamos que a mellor opción é facer un espazo aberto. Imos aproveitar, como xa sabedes cando se retirou a cuberta tivemos que sacar a marquesiña e colocar unha marquesiña que vai pegada ao edificio de metal, é de cristal e vai aproveitando a parede do propio edificio. Son espazos que entendemos que hai que ir rehabilitando e poñendo en valor porque espazos municipais que hai que ir mellorándoos, espero que sexa a primeira do resto en rehabilitarse.

**Sra. Pérez Domínguez:** Nós estamos a favor e alegrámonos deste tipo de obras e esperamos que estas melloras, como ben dixeches, que non se queden só na de Budiño e que vaian a todas as que o precisen. O noso voto vai ser a favor.

**Sr. Rodríguez Canosa:** O voto de Movemento Salceda vai ser a favor, xa que é unha obra importante, todo o que se invista en educación vai ser importante, ademais conta co visto bo da veciñanza e que sempre estaremos a favor do modelo de educación nas escolas unitarias.

**Sra. Alcaldesa:** só recordar que esta obra tamén forma parte do Plan Concellos 2020 igual que os proxectos presentados anteriormente. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Visto o proxecto de obras denominado “Mellora da aula de Budiño do CRA Raíña Aragonta” redactado arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez e polo arquitecto técnico Alfonso Veloso Troncoso, asinado en data 03.03.2020, cun orzamento base de licitación de 48.370,60 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 8.394,90 € e o presuposto sen IVE a 39.975,70 €.*

*Visto o informe técnico núm.2020-0058 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2020-0013 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*



*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

#### ACORDO

*PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora da aula de Budiño do CRA Raiña Aragonta” redactado arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez e polo arquitecto técnico Alfonso Veloso Troncoso, asinado en data 03.03.2020, cun orzamento base de licitación de 48.370,60 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 8.394,90 € e o presuposto sen IVE a 39.975,70 €.*

*SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”*

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos doce membros presentes nesta sesión; adoptándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora da aula de Budiño do CRA Raiña Aragonta” redactado arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez e polo arquitecto técnico Alfonso Veloso Troncoso, asinado en data 03.03.2020, cun orzamento base de licitación de 48.370,60 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 8.394,90 € e o presuposto sen IVE a 39.975,70 €.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

**Expediente 639/2020. Aprobación de proxecto de “Pavimentación do camiño municipal de Touriños a Ribeira (Santa María de Salceda)”.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0,

Abstencións: 5, Ausentes: 0

**Sr. González González:** Esta é unha obra do Plan Marco da Consellería de Medio Rural, trátase dunha obra que comeza na costa dos Touriños na estrada que vai para Paxariña e que vai a rematar no antigo taller de pedra Altamira, aproximadamente son 800 metros de actuación, consiste nun asfaltado resistente, aplomado e refinado

de cunetas, imos aproveitar todo o ancho que poidamos e o asfaltado quedará aproximadamente de 4,50 mínimo en todo o recorrido desta obra. Esta é unha obra moi necesaria para os barrios da Feira e Barreiro, basicamente que son os que máis o usan. Cadra ben nesta subvención do Plan Marco porque da acceso a fincas agrícolas que é un dos requisitos que poñen sempre, non ten unha continuidade no total do camiño, o primeiro tramo de 195 m dende a costa dos Touriños ata pasar a baixada da antiga depuradora vai a enlazar a entrada peonil que vai a dar á fonte das Carballas, e a continuación dende a subida á Praza de Abastos continuaremos ata os Talleres de Pedra Altamira, leva tamén algo de cunetas hormigonadas nunha parte que cruzan as augas na baixada a senda peonil do Río Caselas a baixada que vai a regadas, aí leva un tramo de cuneta hormigonada.

**Sr. González Souto:** Así como estamos totalmente de acordo nos proxectos anteriores aquí creo que ese vial necesitaba un proxecto máis ambicioso, investir diñeiro ou pedir unha subvención para este vial, mantendo a anchura que ten creo que non é unha boa inversión, creo que se podía empregar noutro lado e destinar un orzamento en condicións. Esa pode ser unha circunvalación de Salceda, realmente é atractivo para os vehículos pesados desa estrada para chegar aos barrios da Feira ou ao Barreiro mantendo o ancho da estrada? Non miramos que se lle faga un gran beneficio a esa estrada e si que é un vial que da moitas alternativas aos veciños, pero desta forma non, porque non se executa ningún tipo de desmonte. Poderíanse mellora algunhas curvas, de feito as dificultades de expropiación fronte a outros proxectos serían moito máis fáciles de executar porque hai terreos da Xunta, terreos de regadío que se podería chegar a acordos cos veciños e mellorar de 4,5 a un ancho de 7 ou 8 metros nunha primeira actuación. Nós imos a abstermos neste punto, máis que nada porque nós para ese vial propoñemos algo máis contundente, algo que realmente beneficie e potencie o seu uso para eliminar do centro de Salceda o tráfico improdutivo, porque non creemos que iso aumente as posibilidades dese vial.

**Sr. González González:** Efectivamente este vial se queda con 4,50 de asfalto e ten unha base máis ou menos de 6 metros de ancho, para o tráfico que ten na actualidade é suficiente. Hai que recordaros ao Grupo Popular o que ti estabas dicindo da circunvalación de Salceda, xa estaba contemplada no Plan Xeral, unha calle de 20 metros de ancho dende o Campo de Fútbol, dende a rotonda da Gándara ata a Escola de Música continuaba despois pola Cámara Agraria, daba a volta por Gumil ata enlazar na Laguela, esa é a circunvalación de Salceda. Sabedes que o Plan Xeral decaeu polos vosos votos. En canto ao que dise de porqué non se executan os desmontes, eu creo que de momento vale ben, nos terreos da Xunta de Xestur alí o ancho xa é máis que suficiente, onde queda a parte máis estreita é na zona de propiedades. Intentaremos aprobar o Plan Xeral e faremos ese vial de 20 metros.

**Sr. González Souto:** Coñecemos o vial que pasa ao lado do campo de fútbol, coñecemos a súa anchura, coñecemos quen votou a favor e quen votou en contra do Plan Xeral, coñecemos cales foron as negociacións que se levaron a cabo co Plan Xeral



e que as aportacións rexeitáronse todas, ao marxe diso, cándoo calcula vostede que esa circunvalación se vai a executar? Cando estea realizada por PERIS, ou sexa, está vinculada a PERIS. Nós visto as dificultades, volvo a recalcar que propoñemos un proxecto máis ambicioso para esa estrada

**Sr. González González:** Primeiramente hai que tramitar o Plan Xeral e aprobalo.

**Sra. Alcaldesa:** Proxecto máis ambicioso desexámolo todos os que estamos presentes neste salón e evidentemente o primeiro paso será aprobar o Plan Xeral e o segundo buscar financiación por parte doutras administracións, porque doutro xeito será máis complexo e máis longo no tempo. Podemos estar de acordo co de máis ambicioso, dende logo que cubrimos a obra con esta subvención que ademais foi reducida pola Xunta neste convocatoria en canto á contía e facer o máis accesible posible unha estrada que nós creemos que ten un tránsito rodado bastante importante. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Visto o proxecto de obras denominado “Pavimentación do camiño municipal de Touriños a Ribeira (Santa María de Salceda)” redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Javier Carballo Núñez, asinado en data 04.03.2020, cun orzamento base de licitación de 38.415,60€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 6.667,17 € e o presuposto sen IVE a 31.748,43 €.*

*Visto o informe técnico núm.2020-0057 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2020-0012 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

#### ACORDO

*PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Pavimentación do camiño municipal de Touriños a Ribeira (Santa María de Salceda)” redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Javier Carballo Núñez, asinado en data 04.03.2020, cun*



orçamento base de licitación de 38.415,60€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 6.667,17 € e o presuposto sen IVE a 31.748,43 €.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e CINCO abstencións dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular; adoptándose o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Pavimentación do camiño municipal de Touriños a Ribeira (Santa María de Salceda)” redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Javier Carballo Núñez, asinado en data 04.03.2020, cun orzamento base de licitación de 38.415,60€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 6.667,17 € e o presuposto sen IVE a 31.748,43 €.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

